

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE ABRIL DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de abril de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as oito horas

trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 3 de abril de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

- Gandeiría Bernárdez-Vilar S.C.

#### ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 2 de outubro de 2019, concedeuse á sociedade GANDEIRÍA BERNÁRDEZ-VILAR S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Toiriz, parroquia de Arnego, licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA

- DE POLO CAMPEIRO, con emprazamento no lugar de Toiriz, parroquia de Arnego, con estrita suxeición ao proxecto técnico visado polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 10/07/19), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 5 de marzo de 2010 e está integrada por Don José Manuel Bernárdez Jorge (DNI núm. ██████████) e Dona Marta Vilar Caseiro (DNI núm. ██████████). Dito documento foi elevado a pública mediante escritura pública estendida con data 14 de abril de 2010 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbé (protocolo núm ████████).
  3. Con data 28 de novembro de 2022 (RE-E núm. 588) Dona Marta Vilar Caseiro, na representación da sociedade titular da licenza, solicita a modificación da licenza concedida, achegando modificado de proxecto (visado colexial núm. ██████████, do 22/11/22), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
  4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de outubro de 2019.
2. A modificación da licenza solicitada afecta ao cambio da actividade amparada pola licenza, pasando dunha explotación avícola de polos de ceba campeiros a unha explotación de polos de ceba tipo broiler intensiva.
3. A modificación da explotación avícola solicitada implica unha serie de cambios nas medidas da nave e do local anexo, nas instalacións, na capacidade máxima da explotación e no sistema de refrixeración, respecto do proxectado inicialmente.
4. As obras proxectadas consisten na construción dunha nave para albergar polos, dous anexos á nave destinados a vestiarios-sala de control-xerador, unha zona cuberta entre ambos anexos e

- unha esterqueira. Instalarase un sistema de refrixeración mediante dous paneis cooling situados nos laterais da nave.
5. A capacidade máxima fíxase en 32.853 polos broiler.
  6. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

|                              |                          |
|------------------------------|--------------------------|
| Titular do predio            | ████████████████████     |
| Inscripción<br>da Propiedade | Non consta no expediente |
| Refª catastral da parcela    | 36047A138004960000LF     |
| Superficie da parcela        | 34.260 m <sup>2</sup>    |
| Uso autorizado               | Explotación avícola      |
| Superficie ocupada en planta | 2.463,72 m <sup>2</sup>  |

7. A modificación da actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
8. Por Resolución de data 25 de xaneiro de 2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítese a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm ██████████).
9. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
10. Consta no expediente o preceptivo informe favorable emitido con data 4 de xaneiro de 2023 polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra (expediente núm. ██████████).
11. Dada a proximidade da instalación prevista cun concello lindeiro, solicitouse informe ao Concello de Dozón (RS núm. 33, do 17/01/23).
12. O Concello de Dozón non emite o informe solicitado no prazo establecido, polo que se continúa co expediente (artigo 80.4 da

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas - LPA).
13. Con data 17/01/23 (RS núm. 32) achégase ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra o proxecto de prevención e defensa contra incendios forestais da instalación proxectada, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, aos efectos de xustificar o cumprimento das medidas de aplicación establecidas no artigo 23.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
  14. O xefe territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, por escrito de data 25/01/23 (RE núm. 156, do 06/02/23), acorda non emitir o informe solicitado ao consideralo de competencia exclusivamente municipal, polo que procede continuar co expediente de conformidade co previsto no artigo 80.4 da LPA.
  15. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
  16. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
  17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 8 de xullo de 2019).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 2 de outubro de 2019, de conformidade coas consideracións anteriormente expostas, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza, amais da seguinte:

- a) As obras deberán comezar dentro do prazo máximo de eficacia da licenza que se outorgue, conforme á súa normativa reguladora, e, na súa falta, no prazo de seis meses contado desde a data de

outorgamento desta licenza. En caso contrario, o modificado do proxecto deberá adaptarse ás modificacións do CTE aprobadas polo Real Decreto 450/2022, do 14 de xuño, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo.

### **3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”**

A Xunta de Goberno Local, na sesións celebradas os días 24 de marzo e 3 de abril do corrente, adoptou acordos de inicio do expediente de contratación da obra denominada “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 20 de febreiro de 2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 186.665,79 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

#### 4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 734,82 €, 65,53 € E 61,71 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A470, 23A472 e 23A471 (FACe).
- WURTH S.L. 423,50 €  
Por servizo de apoio informático no peche contable do exercicio 2022, s/factura núm. S0347 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 198,44 €, 526,93 € E 184,33 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA74D0001530, TA74D0001531 e 60DCRR000016 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 €, 0,00 € E 27,83 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-D3DD-045710, 28-D3DD-045486 e 28-D3M0-059529 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 472,81 €  
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 349.
- ANA MARÍA GARCÍA MAYO 5.441,41 €  
Honorarios parciais por dirección de obra incluída no programa REACPON, s/factura núm. 01\_23.
- ANTONIO CARRO NÚÑEZ 1.361,55 €  
Honorarios parciais por coordinación en materia de seguridade e saúde de obra incluída no programa REACPON, s/factura núm. 3/23.

- NEW CENTER BAZAR MODA S.L. 8,60 €  
Por subministro de diverso material para o programa municipal “O Espertador”, s/factura núm. 1001351.
- ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA 2.200,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro*” no mes de marzo de 2023, s/factura núm. 0-164 (FACe).
- IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCIONES S.A. 116,10 €  
Por subministro de produtos para sanitarios en edificios municipais, s/factura núm. 162632.
- CEXNOR TECNIC S.L. 274,65 €  
Por traballos de revisión de extintores no Centro Cultural Municipal, s/factura núm. FA23/416.
- COSAPLAG S.L.U. 177,75 €  
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20230937 (FACe).
- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. 424,60 €  
Por servizo consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón no mes de marzo de 2023, s/factura núm. 23219 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 1.879,84 €  
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000212 (FACe).
- CONSTRUCCIONES TOPETE S.C. 266,20 €  
Por transporte de zahorra para camiño en Barbeitos (Negrelos), s/factura núm. 5.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*